

### GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO

Poñémonos en contacto convosco para informaros de que onte 31 de maio publicouse no D.O.G. a orde pola que se convocan as **Axudas para adquisición de libros de texto** para alumnado que no curso escolar 2010-2011 se matricule en **1º, 2º, 5º e 6º** de Educación Primaria.

A solicitude pódese recoller no centro ou obtela no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es>, na ligazón de gratuidade solidaria de libros de texto.

O **prazo** de presentación das solicitudes é **dun mes a partir do 1 de xuño** e deberanse entregara no centro.

O requisito é ter unha renda **per cápita familiar** igual ou inferior a **9.000 €**. Este dato calcúlase sumando as casillas **455 e 465** da declaración da **renda do ano 2008** dos membros da unidade familiar que obtiveran ingresos e **dividindo o resultado polo número de membros** da unidade familiar.

O importe das axudas é:

- **180 €** no caso de renda familiar ata **6.000 € en familias monoparentais** ou ata **5.400 € no resto das familias**
- **104 €** no caso de renda familiar desde **6.000.01€ ata 9.000€** e en familias monoparentais ou **desde 5.400.01 € ata 9.000 € no resto das familias.**
- **250 €** para alumnado matriculado en **educación especial** con independencia da renda.